



Concello do Grove

Concellería de Seguridade Cidadá,
Deportes e Limpeza

VII GALA DO DEPORTE MECO

Como en anos anteriores, e co obxecto de premiar os nosos deportistas que máis se teñan distinguido durante a tempada 2009/2010, o Ilmo. Concello do Grove celebrará o vindeiro día 27 de marzo no pavillón de congresos e exposicións da Illa da Toxa, ás 20.00 horas, a VII Gala do Deporte Meco.

Solicitámoslles a todos os clubs e entidades deportivas da nosa localidade, persoas físicas e outras entidades que envíen as súas propostas antes do día 11 de marzo.

As propostas deberán presentarse na Casa do Concello por rexistro, debidamente argumentadas e co maior número de datos posibles, que fagan referencia soamente aos méritos do ano 2010.

BASES – CONVOCATORIA

1. Na presente convocatoria dos premios ao deporte meco tan só se valorarán os resultados e méritos obtidos durante o ano 2010.
2. A selección de persoas e entidades que se premiarán corresponderalle á comisión formada para tal fin polo Sr. concelleiro de Deportes xunto cos clubs inscritos no REDIM e, en caso de empate, periodistas deportivos da comarca. Cada club, unha vez pechado o prazo de entrega de propostas o día 11, terá un prazo de 5 días (ata o 16 de marzo ás 14.00 h) para nomear os seus gañadores en cada apartado, non podendo votar polos candidatos propostos con anterioridade por eles mesmos. As propostas serán enviadas por correo electrónico a todos os clubs o mesmo día 11. Os clubs poderán reenviar as súas propostas por este mesmo medio ou polo que eles consideren máis oportuno.
3. A comisión actuará baseándose nas propostas formuladas por clubs deportivos, persoas físicas e outras entidades, e poderá facer cantas investigacións e consultas crea convenientes para recadar información sobre as candidaturas recibidas.
4. Os premios e recoñecementos que se outorguen axustaranse aos seguintes epígrafes:
 - Mellor Deportista Masculino Elite, Mellor Equipo ou Mellor Embarcación (relevancia nacional e internacional)
 - Mellor Deportista Masculino *Amateur*, Mellor Equipo ou Mellor Embarcación
 - Mellor Deportista Feminina Elite, Mellor Equipo ou Mellor Embarcación (relevancia nacional e internacional)



Concello do Grove

Concellería de Seguridade Cidadá,
Deportes e Limpeza

- Mellor Deportista Feminina *Amateur*, Mellor Equipo ou Mellor Embarcación
- Mellor Promesa Masculina
- Mellor Promesa Feminina
- Mellor Club
- Mención ao Deporte Alternativo ou Minoritario
- Mención a unha Vida Dedicada ao Deporte
- Mellor Adestrador
- Mención ao Equipo Directivo
- Mención ao Club polo Traballo coa Base
- Mención ao Medio de Comunicación
- Mención ao Patrocinador
- Mellor Evento Deportivo
- Mellor Colaborador Local

Os finalistas en cada modalidade subirán ao escenario e recibirán un diploma acreditativo. A continuación entregáraselle o premio ao gañador ou gañadora.

5. O Ilmo. Concello do Grove poderá outorgar premios ou distincións con carácter extraordinario, nos distintos apartados, se o considera oportuno.
6. A listaxe de nominados farase pública como mínimo unha semana antes da celebración da gala.
7. O acto de entrega de premios celebrarase o 27 de marzo de 2010.
8. Ao acto de entrega convidaranse a representantes da corporación municipal, autoridades deportivas, deportistas e clubs galardoados, ás entidades deportivas que realizaran as propostas e aos medios de comunicación.
9. Os mellores deportistas locais teñen que estar empadroados no Concello do Grove, aínda que non compitan por clubs locais.
10. Son Mellores Promesas os de categoría inferior a sénior en 2010.
11. Haberá tres finalistas por categoría.
12. A proposta das propias entidades, entregaranse diplomas aos logros deportivos máis relevantes, dos equipos locais, durante o 2010.